

## **CAMPIONATO PROVINCIAL XOGADE DUATLÓN - PONTEVEDRA**

**Marín, domingo 14 maio de 2023**

### **Coorganiza:**

- Servizo Provincial de Deportes de Pontevedra da Secretaría Xeral para o Deporte
- Club Deportivo Pinarium  
Email: clubdeportivopinarium@gmail.com  
Persoa de contacto: Manuel Rosales  
Teléfono: 653924872  
Federación Galega de Tríatlon e PM

### **Patrocina e promove:**

Secretaría Xeral para o deporte da Xunta de Galicia

### **Colaboran:**

Concello de Marín  
Policía local  
A Devesa  
D' Cores  
Urkira

### **Datos da proba:**

Final Provincial de Dúatlon Escolar de Pontevedra. Dirixida a deportistas inscritos e inscritas no programa XOGADE, na actividade deportiva escolar de Duatlón da provincia de Pontevedra das categorías benxamín, alevín, infantil e cadete. A inscrición no programa pode realizarse a través da web <https://inscripcion-xogade.xunta.gal/>

A proba rexerese segundo as normativas vixentes do [Regulamento de Actividade deportiva en idade escolar](#) que edita a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e as normativas e regulamentos vixentes da Federación Galega de Tríatlon e P.M. e da Federación Española de Tríatlon. <https://fegatri.org/regulamento-deportivo/>

### **Saída, transición e meta:**

Alameda Rosalía de Castro, Marín.

### **Recollida de dorsais:**

A través de Técnico/Delegado do Club.

A partir das 9:00h. Na carpa de organización ata 20' antes de cada saída.

### **Datas e horarios das carreiras:**

<b>CATEGORÍAS</b>	<b>CARREIRA 1</b>	<b>BICI</b>	<b>CARREIRA 2</b>	<b>CÁMARA Chamada</b>	<b>HORA</b>
BENXAMÍN (2014-2015)	400m	2000m	200m	9:50 h	10:00 h
ALEVÍN (2012-2013)	800m	4000m	400m	10:20 h.	10:30 h.
INFANTIL (2010-2011)	1200m	6000m	600m	11:05 h.	11:15 h.
CADETE (2008-2009)	1600m	8000m	800m	11:50 h.	12:00 h.

- Entrega de premios 15 minutos despois do remate do último

***OS HORARIOS PODERÁN SUFRIR VARIACIÓNS EN FUNCIÓN DA INSCRICIÓN NA PROBA SE HOUBESE QUE DIVIDIR SAÍDAS***

**Inscricións:**

Inscrición gratuíta. Só deportistas inscritos na actividade deportiva escolar de dúatlon, do programa Xogade da provincia de Pontevedra).

**Ata o martes 9 de maio as 14:00 horas.** Enviar folla de inscrición (excell anexo) ao correo electrónico: [fegatri@hotmail.com](mailto:fegatri@hotmail.com) con copia a [deportes.vigo@xunta.gal](mailto:deportes.vigo@xunta.gal).

**Procedemento Control de Material**

Será obrigatorio identificarse cun documento oficial con foto na entrada do control. Os/as deportistas presentaranse na entrada do control de material identificados, levando xa todos os dorsais colocados (corpo/bici/casco) e o casco posto e abrochado. A bicicleta deberá ter correctamente tapoado o guiador e sen ningún tipo de engadido. As patas de cabra e semellantes irán precintadas para que non supoñan perigo ante unha caída. Permítense mini-freos para benxamíns e alevíns.

**Cronometraxe Manual**

O dorsal deberá ir á fronte, totalmente visible, collido polas catro esquinas, con calquera medio de suxeción que o garanta.

**Saída**

Dez minutos antes do comezo da saída, os/as deportistas iranse ordenando por dorsal na cámara de chamadas, os oficiais e persoal de organización indicarán cando deben porse na liña de pre-saída.

**Chegada a Meta**

Unha vez que os/as deportistas pasen a liña de meta, dirixiranse, sen pararse, á zona próxima de post-meta, continuarán o camiño para saír da zona de post-meta e irán recoller a bicicleta.

**Premios**

Medallas ás tres primeiras persoas clasificadas individualmente e aos tres primeiros equipos (puntuando un mínimo 3 persoas) en cada categoría e sexo.

**CONSIDERACIÓNS**

A zona de TRANSICIÓN será de acceso exclusivo de participantes e organización. Así como adestradores/as cando non estea a competición en marcha.

**CATEGORÍAS E CIRCUITOS**

**ALAMEDA E CENTRO DE MARÍN (PENDENTE REVISIÓN DOS TRAZADOS).** Enviaranse nos vindeiros días.